

ESTAMPAS BETANCEIRAS

O G A M A C H I Ñ O

Por FRANCISCO VALES VILLAMARÍN



Facendo garatuxas, mil acenos,
xurde do fato o inqueda gamachiño,
fiel trasunto dun mouro demachiño
que ven tentar a grandes e pequenos.

Sacode co galleto ou cos cotenos
a quen se lle atravesa no camiño
e arrechégase ás mozas, demansiño,
lembrándolles devasos e rabenos.

Asaña ós danzarís e ó da bandeira
coas súas incordiantes pallasadas,
coa sempre bufonesca brincadeira.

E estala en estrondosas gargalladas
ó bater cos cornechos na moleira
dalgún dos que contemplan as bailadas.

NOTA

O gamachiño era un personaxe emascarado, representación de Lucífer, que formaba parte da agrupación coreográfica pertencente á confraría dos mariñeiros de Betanzos, xa desaparecida, e que aínda na actualidade desempeña importante papel noutras moitas danzas nacionás e estranxeiras. Lembremos, entre aquelas, a de San Acacio, ou de *Los Judillos*, na viliña de Utande, da provincia de Guadalajara; a de Ribera de Negrillos, na de León; a *Danza de la Loa*, en Molina de Aragón; a chamada *del Dimoni*, na illa de Mallorca, e as que en lonxanos tempos se exhibían en varios puntos de Galicia, das cales, en concepto de certos autores, só nos resta a extravagante figura de Satanás, que en Castro Aldelas ven ser o famoso *Irrio*, o *Cigarrón* nos vales de Laza e Verín e o *Choqueiro* en distintas localidades mais. O *Centulo* de Pontevedra, que adoitaba sair alí dende o día da Trindade ó do Corpus, estimo eu que era, asinmesmo, un vestixio da danza de espadas encellada á irmandade dos mareantes da referida capital galaica, congregación que tiña por padroeiro ó Arcanxo San Miguel, como a homónima da cidade do Mandéu. Debemos advertir que os bailarís do conxunto brigantino empregan arcos pintados de diversas cores, portando únicamente o guía, na man dereita, unha espada núa. (Véxase a descrición que do citado mimo helenense fai Filgueira Valverde na súa interesante monografía *El Corpus viejo en Pontevedra*—Vigo, 1975—, páxinas 40 e ss., separata de «El Museo de Pontevedra», tomo XXIX.)

Algús significados etnógrafos queren ver en todas estas máscaras unha clara reminiscencia dos feiticeiros ou magos prehistóricos, que o pobo, na Idade Media, transmóu en diabos, facéndoos intervir con este carácter nas festas sacramentás.

Nas contas da devandita corporación garela désígnase tamén ó *gamachiño* cos nomes *gamacho*, *gamachino*, *magachiño*, *demachino*, *demachiño*, *fetouro* e *fetoiro*, variantes das—aquela forma e éstas—do vocábulo *demo*, non aparecendo rexistada nengunha delas nos dicionarios galegos até agora publicados, a excepción do apelativo *demachiño*.

Pérez Costanti (*Notas viejas galicianas*, tomo II—Vigo, 1925—, páx. 112, nota) pregunta se o *gamachiño* en cuestión podería sel-o individuo que presidía ou moderaba o xogo dos dados na antiga precisión do Corpus, hipótese ésta desprovida totalmente de fundamento, polo que acabo de expoñer.

Este grotesco *felo* acompaña hoxe—segundo con grande acerto a práctica da época semial—á actual danza de mariñeiros, dependente, como a dos labradores, do Ministerio de Cultura, adscritas ambas antes á Organización Xuvenil Española. (Non fai moito, un grupo de entusiastas mozos betanceiros criou aquí outra danza de mareantes, que leva incorporado igualmente un figurón semellante ó reseñado. Denomínase a nova colectividade «Xuventude do Pobo» e conta, ó parecer, coa xenerosa protección do Concello. No meu xuício, sería conveniente que estes simpáticos rapaces, ateigados, polo que vexo, de moi boa vontade, trataran de substituír a danza que veñen utilizando por algunha das atíngidas—a de xastres ou a dos zapateiros, por exemplo, tan vistosas elas—, evitando deste xeito unha inxustificada repetición de bailes.)

Procede facer notar que estes agrupamentos non teñen carácter profesional; son nada mais que un fidedigno recordo dos cuadros ou elencos coreográficos que as anteriores asociacións de labregos e mariñeiros presentaban en determinadas solenidades para gocixio de conviciños e foráneos.

(O léxico empregado tanto nesta como noutras «Estampas», é o que se usa na miña comarca nativa.)

(Foto Masaca.)